

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DETERMINADOS CONCELLOS PARA A REALIZACIÓN DE 67 OBRAS DE INFRAESTRUTURA RURAL

A Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, é o órgano da Administración galega ao cal baixo a superior dirección da persoa titular do departamento lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias entre outras en materia de desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais e prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

En exercicio das súas competencias responsabilízase de accións que teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas no medio rural.

A Consellería, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, determinará as actuacións a realizar en distintos concellos de Galicia que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan:

- Contemplará proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva do medio rural, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e contribuír a fixar poboación.
- Poderanse incluír obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecemento de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren dentro da competencia desta Consellería.

A Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias, responsabilizarase de cantas accións teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas, sen prexuízo das competencias doutros departamentos da Xunta de Galicia, así como das actuacións en materia de modernización e creación de regadíos, así como todos os asuntos referentes á reforma das estruturas agrarias e á preparación, execución e vixilancia dos seus correspondentes plans e programas de reforma das estruturas.





Os plans anuais de infraestruturas rurais contemplan actuacións a través da sinatura de convenios con determinados concellos.

Dentro do **Plan de Infraestruturas Rurais 2025 (PIR 2025)**, está prevista a sinatura de **67** convenios de colaboración que terán os importes detallados nos Anexos 1 e 2 a esta memoria.

Antecedentes:

Os concellos solicitan á Consellería que se inclúa dentro dos seus proxectos de desenvolvemento e mellora das infraestruturas rurais a execución, á maior brevidade posible, pola necesidade urxente de actuación das obras de infraestrutura rural relacionadas nos anexos a esta memoria.

Finalidade

Para os efectos sinalados, a Consellería ten previsto formalizar un convenio con cada un dos concellos relacionados nos Anexos a esta memoria.

Os instrumentos convencionais arriba referidos terán por obxecto a execución por parte da Consellería do Medio Rural de obras de titularidade municipal dos concellos de acordo cos Anexos a esta memoria e destinalas ao uso público, conforme aos seus correspondentes proxectos de obra.

As obras consisten en melloras nas vías rurais municipais nas que, dadas as súas condicións de deterioro, os concellos asinantes consideran prioritarias e urxentes. A súa finalidade é garantir a transitabilidade nunhas condicións aceptables de seguridade viaria e de uso.

Os convenios terán unha vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura e ata o remate das actuacións contempladas nos mesmos, a comunicación da recepción das obras aos concellos correspondentes e as formalizacións das actas de entrega, sen que poidan exceder do máximo de catro anos, prorrogables por outros catro anos máis ao abeiro do artigo 49.h) da Lei 40/2015, do réxime xurídico do Sector Público.

O anterior entenderase sen prexuízo de que o gasto que comporta para a Consellería se circunscriba ao exercicio orzamentario reflectido na cláusula segundado Convenio.

A Consellería considera importante a execución destas obras, contribuíndo dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias e das súas competencias, para a mellora da calidade de vida da poboación e da seguridade viaria no medio rural.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución dos obxectos referidos.

Os convenios que se pretenden asinar fundaméntanse no seguinte:

Encádranse dentro dun marco de actuacións en infraestruturas rurais financiadas con fondos propios solicitadas polos concellos para as que a Consellería do Medio Rural accede a colaborar tanto no seu financiamento como na xestión da licitación e a execución das obras mediante a sinatura deste instrumento do convenio de colaboración.





As actuacións están diferenciadas respecto de outro tipo de actuacións en base á súa:

Urxencia : Obras na súa maior parte consideradas urxentes de mellora da seguridade, melloras necesarias e reparacións da capa de rodaxe.

Tipoloxía: Actuacións en pontes, núcleos de poboación, entre outros.

Titularidade: As actuacións executaranse en terreos de titularidade municipal.

Financiamento

O financiamento, por parte da Consellería do Medio Rural, destas obras será con fondos propios dos orzamentos de 2025, aplicación orzamentaria 15.06.551A.604.1, co importe que se detalla nos Anexos, agrupando a **67 obras** que se tramitarán seguindo os **modelos de convenio tipo** aos que se refire esta memoria e ascendendo a un total de **4.178.749,51 €**.

Do total de **67** convenios, **4** requiren autorización previa ao Consello da Xunta por superar o importe individual de 150.000,00 €, ascendendo a contía dos mesmos a un total de **710.651,90 €** segundo se especifica no Anexo 1 a esta memoria.

Os restantes **63** convenios non requiren autorización previa do Consello da Xunta, ascendendo a súa contía a **3.468.097,61 €**, segundo o especificado no Anexo 2 a esta memoria.

De conformidade co establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, estes expedientes tramítanse como anticipado de gasto, polo que a súa execución queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Establécense dous modelos de convenio tipo en función de se precisan ou non autorización previa do Consello da Xunta.

As partes expresan o seu ánimo de participar e colaborar deses intereses comúns de apoio ao medio rural galego ao abeiro do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de colaboración coas corporacións locais para a realización de obras titularidade das mesmas. Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.





Estes Convenios teñen natureza administrativa e para a súa tramitación tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da Administración Local e demais normas de dereito administrativo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Desenvolvemento Rural

María Paz Rodríguez Rivera

